



DECEMBRO

NADAL

O Nadal é unha festa que o neno vive na intimidade familiar. Ó neno encántalle esta festa, élle propia, moi súa.

Ademáis, o Nadal é unha festa que lle ven imposta dende a sociedade: os “ataques” publicitarios e a sociedade de consumo, entre outros factores.

O sentido profundo desta festa e a súa cálida expresión énnenos de tenrura e recordos.

Pola celebración do Nadal o neno achégase a Xesús e ó feito da salvación, considerada ésta con amor, ledicia e amizade.

No Nadal festéxase o nacemento de Xesús en moitos lugares de todo o mundo, pero en cada país/rexión acostúmase a celebrar dunha maneira diferente (cantos, adorno de fogares e rúas,...)

Qué é para ti o Nadal?

Cómo o celebras?



LUNS

CANTO

O NENO DO TAMBOR:

<http://www.youtube.com/watch?v=wwM9Mnfm3ko>

É NADAL:

<http://www.youtube.com/watch?v=TbAOZnxHeVw&index=48&list=RDxB4SAb3eVmc>



MARTES

ORACIÓN

Nace Xesús

Para cambiar o noso mundo, NACE XESÚS.

En cada persoa que é libre, NACE XESÚS.

Para os pobres que sufren, NACE XESÚS.

Para traernos a paz, NACE XESÚS.

En cada persoa que comparte, NACE XESÚS.

Para traernos o amor, NACE XESÚS.

Cando xuntamos as nosas mans, NACE XESÚS.

En cada persoa que agarda, NACE XESÚS.



MÉRCORES

LECTURA

TEATRO

Uns pastorciños coidan as súas ovellas no monte. Pouco e pouco todos se preparan para durmir.

Narrador: Había unha vez, hai moito tempo, uns pastorciños que coidaban os seis rabaños preto de Belén. Era a noite do 24 de decembro.... Todo estaba en silencio, todo en paz,... e de súpeto empezaron a ouvir música.

Ánxel 1º: - Despertade todos, pronto, despertade.

Ánxel 2º: - Non vos asustedes. sucedeu algo milagroso.

Pastor 1º: - Qué pasou? Qué pasou?

Ánxel 3º: - Naceu Xesús en Belén.

Pastor 2º: - Iremos adorar a Xesús e levarémoslle os nosos agasallos.

Pastor 3º: - Sí! Levarémoslle os nosos mellores agasallos.

Pastor 4º: - Pero, onde atoparemos ó fillo de Deus?

Ánxel 1º: - Seguide á estrela de Oriente. Ela mostraravos o camiño.

Pastor 1º: - Eu levareilla a Xesús!

[Cada pastor mencionará o seu agasallo: leite, queixo, mel,...]

Melchor: - Algo milagroso sucedeu esta noite!

Gaspar: - Nacería xa Xesús?

Baltasar: - Vaiamos detrás da estrela para atopar ó neno.



Os pastorciños e os Tres Reis chegarán ó Presebe. Axeonllaranse todos ante él para adoralo; ofreceranlle os seus agasallos e cantarán un villancico.

Todos: Alegrémonos, que esta noite é Noiteboa, naceu o neno Xesús en Belén!

CONTOS

O ARBOLIÑO DE NADAL:

<http://www.guiainfantil.com/1091/o-arboliño-de-nadal.html>

O MILAGRE DO NADAL:

<http://www.todopapas.com/contos/nadal/o-milagre-do-nadal-91>



XOVES

SÍMBOLO

A Estrela de Nadal (a ledicia, a luz, a que nos guía na vida).

Un dos símbolos máis habituais do Nadal son as estrelas. O seu significado relaciónase coa luz que guiou ós pastores e ós Reis Magos ata o portal onde viña de nacer o neno Xesús.

ESTRELA DE NADAL. MANUALIDADE CON PAUS DE XEADO

MATERIAIS

- 6 paus de xeadado
- Pegamento
- Tesoira
- Cordel
- Pintura acrílica
- Estrelas para decorar

EXPLICACIÓN

<http://www.youtube.com/watch?v=b8zFPdHtFdg>





VENRES

AGRADECIMIENTO

GRACIAS, SEÑOR

Gracias, Señor, porque a través dos meus pais déchesme a vida.

Gracias, Señor, porque son teu fillo/filla.

Gracias, Señor, porque me amas e queres que eu sexa feliz.



VIDEOS

<https://www.youtube.com/watch?v=SKRecNeYRxI> (A nena que non se sentía mal cando actuaba mal)

<http://www.youtube.com/watch?v=Hc9eSbJP3s0> (Sé solidario. Catalina e un mundo de nenos)

<https://www.youtube.com/watch?v=KA0C6-i1RsE> (O nacemento de Xesús)

<https://www.youtube.com/watch?v=5vetHWhTLmg> (A infancia de Xesús)

<http://vimeo.com/33894950> (Spot de Nadal)

<http://www.youtube.com/watch?v=npXLm6BahRg> (Este Nadal)

<http://www.youtube.com/watch?v=-R4rjhC7yLQ> (Aprender a compartir burbullas)

<http://www.youtube.com/watch?v=z6wKgEMZ7No> (Pocoyo: axudar ós demáis)